



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

BASES DA CONVOCATORIA DA IX EDIÇÃO PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY

1.- O Concello de Fornelos de Montes, para honrar a memoria do seu ilustre escritor e contribuír á promoción xornalística en galego, convoca a IX edición do PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY.

2.- Poderán concorrer a este certame todas as persoas maiores de idade que o desexen e cada participante deberá facelo cun único artigo.

Non poderán obter a condición de beneficiarios dos premios as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria aquelas persoas que non se atopen ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Fornelos de Montes, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Axencia Tributaria de Galicia.

As persoas que teñan acadado este premio non poderán presentarse novamente ata pasados tres anos dende a data en teñan sido gañadoras.

Os beneficiarios están suxeitos ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da LXS.

3.- Os artigos serán inéditos, deberán estar escritos en galego e redactados nun estilo xornalístico de carácter divulgativo e/ou de opinión no ámbito da denuncia social.

Os artigos presentados deberán ter entre 2.500 e 3.500 caracteres con espazos incluídos (entre 450 e 600 palabras, aproximadamente).

4.- As persoas participantes deberán enviar os artigos por cuadruplicado exemplar en papel ou con soporte dixital, pendrive ou CD, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

**IX PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO
REY**

Concello de Fornelos de
Montes Praza da Igrexa, 1





Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

36847 - Fornelos de Montes (Pontevedra)

- 5.- Nos artigos concursantes deberá aparecer escrito con claridade o título e unha lenda. Xunto cos exemplares incluírase un sobre pechado no que figurará no exterior





C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

“IX premio de xornalismo Manuel Lueiro Rey”, o título e a lenda, e no seu interior a ficha de participación, acompañada da fotocopia do DNI do autor, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

6.- Estas bases enviáranse a Base de Datos Nacional de Subvencións, publicárase un extracto no BOP de Pontevedra e tamén se publicarán na web do Concello e no taboleiro de anuncios. **O prazo de convocatoria iniciárase dende o día seguinte da publicación destas bases no BOP ata o día o día 30 de maio de 2026.**

7.-A dotación do premio, único e indivisible, que será de 1.000 euros, con cargo á partida 334.48 do orzamento do Concello de Fornelos de Montes, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.

De conformidade co regulado no artigo 56.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a concesión deste premio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión do premio.

Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao premio que en ningún caso comportarán dotación económica.

8.-O xurado será designado polo Concello de Fornelos de Montes e estará formado por tres persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Fornelos de Montes. A composición do xurado farase pública, na web do Concello e no taboleiro de anuncios, cando remate o prazo de admisión de artigos.

Para a selección do traballo premiado, o xurado terá en conta:

- A orixinalidade dos artigos
- A adecuación ao tema e xénero solicitados.
- A claridade expositiva e a calidade lingüística.

O xurado terá plena competencia para aplicar e interpretar as presentes bases e as súas decisións serán inapelables.

9.-O veredicto será dado a coñecer na primeira quincena do mes de xuño de 2026 directamente ao gañador e a través dos





Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

medios de comunicación.

O órgano competente para outorgar este premio será a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde en virtude do Decreto de Alcaldía de 21 de xuño de 2023, que





C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

adoptará o acordo nos termos do artigo 25 da -LXS. A resolución de concesión porá fin á vía administrativa.

Da resolución darase publicidade nos termos do artigo 18 da LXS.

A entrega do premio terá lugar, nun acto público no Centro Multiusos do Concello de Fornelos de Montes na segunda quincena do mes xuño. As obras non premiadas poderán ser retiradas polos autores nas dependencias do Concello de Fornelos de Montes no prazo dun mes a contar a partir da data do veredicto do xurado.

Con carácter previo ao pago do premio, o beneficiario deberá presentar no Rexistro do Concello certificado da conta bancaria na que se realizará o ingreso así como acreditar que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

10.- O artigo premiado quedará en propiedade do Concello de Fornelos de Montes, a quen se lle permite o seu uso e difusión por todos os medios, sen xerar iso ningún tipo de custo económico por dereitos de autoría nin outros conceptos.

Para a súa publicación os artigos poderán ser revisados

lingüisticamente. 11.-A participación nesta convocatoria

implica a aceptación plena das bases. Documento asinado

dixitalmente ao marxe

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez





C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

IX EDICIÓN PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY
FICHA DE PARTICIPACIÓN

TÍTULO DO ARTIGO:

LENDAS:

NOME E APELIDOS DO AUTOR DO ARTIGO:

DNI:

DATA DE NACEMENTO:

TELÉFONO:

ENDEREZO POSTAL:

CORREO ELECTRÓNICO:

XUNTO CON ESTA FICHA DEBE ACHEGARSE COPIA DO DNI DO AUTOR DO TEXTO, ASÍ COMO UN PEQUENO CURRÍCULO LITERARIO, NO CASO DE TER OBRA PUBLICADA

O interesado, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, manifesta, baixo a súa responsabilidade que:

- 1.- De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non está incurso en ningún dos supostos que impidan obter a condición de beneficiario.
- 2.- Comprometese a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento.
- 3.- O texto presentado cumpre os requisitos especificados nas bases do IX edición Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey.

_____, de _____ de _____





Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
D E
F O R N E L O S D E M O N T E S
(P O N T E V E D R A)

Asinado:

